

ORDENANZA FISCAL NÚM. 202**IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS****ARTIGO 1º. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito imponible do imposto a realización dentro do termo municipal, de calquera construcción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, segundo o establecido no artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, obtívésese ou non a dita licenza, ou para a que se esixa presentación de comunicación previa ou declaración responsable, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este municipio, segundo o disposto no artigo 100 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e concordantes deste.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o punto anterior poderán consistir en:

- a) Obras de construcción de edificacións e instalacións de todas as clases de nova planta.
- b) Obras de demolición.
- c) Obras en edificios, tanto aquellas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- d) Obras de fontanería e redes de sumidoiros.
- e) Obras en cemiterios.
- f) A colocación de carteis de propaganda visibles desde a vía pública.
- g) Calquera outra construcción, instalación ou obra que requira licenza urbanística ou a presentación de comunicación previa ou declaración responsable.

ARTIGO 2º. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construcción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmoble sobre o que se realice aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terán a consideración de dono da construcción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construcción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos del que solicite as correspondentes licenzas ou presente a correspondente comunicación previa ou declaración responsable ou quen realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribúnte o importe da obriga tributaria satisfeita.

ARTIGO 3º. BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construcción, instalación ou obra, e se entende por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, de ser o caso, coa construcción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame será o 3 por 100.

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construcción, instalación ou obra, ánda cando non se solicitase, concedese ou denegase a correspondente licenza ou cando non se presentase a comunicación previa ou declaración responsable.

ARTIGO 4º. XESTIÓN

1. Para as obras menores:

1.1. O imposto esixiranse en réxime de autoliquidación; o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza ou a comunicación previa ou declaración responsable de obras menores, deberá acreditar o ingreso do importe total declarado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. A base liquidable provisional resultará da aplicación, segundo o caso, dos módulos e da lista de prezos unitarios que figuran no anexo 3, salvo que, o presupuesto presentado para a obtención da licenza ou comunicación ou declaración responsable fora superior.

1.2. A Administración de Tributos, no momento de concederse a preceptiva licenza ou dilixivenciarise como conforme a comunicación previa ou declaración responsable de obras menores, practicará unha liquidación complementaria no caso de que a autoliquidación presentada non fose conforme a esta ordenanza.

1.3. Unha vez finalizadas as construcións, instalacións e obras, e á vista do custo real e efectivos das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, se é o caso, a base imponible e practicará a correspondente liquidación definitiva esixindo ou reintegrando a diferencia ó suxeito pasivo.

2. Para as obras maiores:

2.1. A base liquidable provisional nas obras maiores será o presuposto de referencia que resulte de aplicar o cálculo que figura no anexo 2, salvo que, o presuposto presentado para a obtención da licenza fora superior.

2.2. A Administración municipal realizará unha liquidación provisional no momento de concederse a preceptiva licenza, a cal se aboará no momento do despacho desta, sen prexuízo da posterior liquidación definitiva que resulte do custo real efectivo das obras, unha vez que aquelas estean rematadas.

2.3. Unha vez finalizadas as construcións, instalacións e obras, no caso de que o custo real e efectivo delas sexa superior ou inferior ó que serviu de base imponible na liquidación referida no punto anterior, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á dita finalización, certificado e presupuesto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.

2.4. Á vista da documentación aportada e das construcións, instalacións e obras realizadas e do custo real e efectivos das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, se é o caso, a base imponible e practicará a correspondente liquidación definitiva esixindo ou reintegrando a diferencia ó suxeito pasivo.

2.5. No caso de solicitudes de legalización de obras maiores, o imposto esixiranse en réxime de autoliquidación, conforme as regras establecidas para as obras menores no punto 1 anterior.

3. Para aquellas construcións, instalacións e obras que non contan con licenza ou dilixencia de conforme da comunicación previa ou declaración responsable de obras menores, sen prexuízo das sancións que procedan, trala valoración do construído tendo en conta os anexos aplicables a esta ordenanza, procederase á liquidación e esixencia deste imposto.

4. A Inspección Técnica de Obras do Concello remitirá á Inspección de Tributos relación de construcións, instalacións e obras iniciadas ou realizadas sen licenza ou sen dilixencia de conforme da comunicación previa ou declaración responsable de obras menores, xunto coa valoración destas co fin de que esta proceda a incoar o correspondente expediente sancionador.

5. A Inspección de Tributos, sen prexuízo do disposto no punto anterior, realizará as súas propias funcións de comprobación e investigación, así como as reguladas nos artigos 141 e seguintes da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4º bis. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construcción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que ó estaren suxeitas a este, vaia ser

directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, áinda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de conservación.

2. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto, por unha soa vez, a favor das construcións, instalacións e obras, coa excepción de obras novas e obras realizadas en locais comerciais, que se realicen dentro das zonas delimitadas polo Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) ou en Áreas de Rehabilitación Integral (ARI).

O presupuesto bonificado non poderá exceder de 11.000 euros por vivenda no caso de que se realice no ámbito do PEPRI e de 9.000 euros por vivenda no caso de que se realice no ámbito do ARI.

Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.

3. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto a favor das novas instalacións completas de calefacción en vivendas e de ascensor en edificios, sempre que os inmobles teñan unha antigüidade mínima de 15 anos.

4. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto por pintura e tratamiento integral de fachadas, substitución de materiais de cubertas e elementos externos de fachadas, cando se comprendan dentro dos deberes de conservación e rehabilitación previstos no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ou supoñan unha notoria mellora nas condicións estéticas da edificación.

5. Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras de reforma que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presupuesto de execución material das obras específicamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

O solicitante deberá achegar documentación ou proxecto que acredite as condicións antes sinaladas, que afecten a rampas, aseos adaptados, dimensións de portas e corredores, ascensores, etc. No caso de existir dúbidas acerca de se as construcións, instalación e obras favorecen as condicións de acceso ou habitabilidade, solicitarase informe dos servizos técnicos municipais, con carácter previo á resolución da petición de bonificación.

6. Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para producción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a

implantación destes sistemas sexa obligatoria a tenor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalación e obras destinadas estritamente a dito fin. Para gozar da bonificación, deberase aportar polo interesado un desglose do presupuesto no que se determine razoadamente o custo que supón a construcción, instalación ou obra á que se refire este presupuesto.

7. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto a favor das obras de movementos de terra, desmontes, demolicións, e baleirados interiores que sexa necesario realizar neste termo municipal por mor das escavacións arqueolóxicas, para o que deberá terse achegada a correspondente solicitude de autorización arqueolólica, se fose necesaria.

8. Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para construcións, instalacións e obras de nova planta (excluídas as ampliacións e reformas) que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por concurrir circunstancias favorecedoras do fomento de emprego que impliquen a implantación de actividades empresariais e comerciais co fin de dinamizar o novo polígono industrial das Gándaras, e que redunden en beneficio das condicións socioeconómicas do municipio. Exclúense desta bonificación as construcións, instalacións e obras para as que non se defina o seu uso na licenza concedida.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioria simple.

Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto deberán solicitar do Pleno da Corporación a declaración de “especial interese ou utilidade municipal”.

Se a construcción, instalación ou obra non se dedicase finalmente á actividade prevista e especificada na memoria xustificativa, o beneficiario da bonificación perderá de forma automática o dereito á devandita bonificación, debendo proceder ao abono da diferenza correspondente.

A solicitude de declaración deberá realizarse unha vez concedida a correspondente licenza de obra e dentro do prazo dun mes dende a notificación do acordo de concesión desta.

Con ocasión do outorgamento da licenza practícarase liquidación provisional con aplicación da bonificación instada polo solicitante, quedando condicionada a súa aplicación á efectiva concesión polo Pleno; noutro caso, se procederá a practicar unha liquidación complementaria polo importe que corresponda.

Esta bonificación non terá carácter acumulativo.

A solicitude irá acompañada de copia da licenza de obras concedida, plano de situación, presupuesto desglosado das construcións, instalacións ou obras e memoria xustificativa na que se acredite o fomento de emprego.

Unha vez declarado polo Pleno o “especial interese ou utilidade municipal” o suxeito pasivo solicitará, no prazo dun mes dende a notificación do acordo plenario, a bonificación do Imposto.

ARTIGO 5º. INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 6º. INFRACCIONES E SANCIÓNS

1. Nas materias regulamentadas nesta ordenanza constitúen infraccións:

a) A realización sen licenza ou sen presentación de comunicación ou declaración responsable das obras ou actividades enumeradas no artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e para os que a esixe a presente ordenanza, prodúzase ou non prexuízo ós dereitos da facenda municipal.

b) Non dar conta á Administración municipal do maior valor das realizadas, das modificacións daquelas ou do seus presupostos.

c) A falsidade da declaración en puntos que afecten á determinación da base do gravame.

2. Para a cualificación das infraccións e a súa sanción estarase ó prevido na Ordenanza fiscal xeral, e nos artigos 199 e 209 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e concordantes.

3. De conformidade co establecido na Ordenanza fiscal xeral e artigos 199 e 209 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non impedirá a liquidación ou cobro das cotas devengadas non liquidadas.

ARTIGO 7º.

O imposto obxecto desta ordenanza é compatible coa Taxa pola prestación de servizos urbanísticos e, se é o caso, co Imposto sobre actividades económicas, por ser distintos os feitos impoñibles.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para o previsto nesta ordenanza rexerán as normas pertinentes da Ordenanza fiscal xeral, e no que sexa de aplicación a Ordenanza fiscal número 103.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa³².

³² O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacíons aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 1 de decembro de 2015, para rexer a partir do día da súa publicación (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 51 do 3/03/2016).